

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 10:25 h do día 22 de marzo de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de **D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. JUAN FRANCISCO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbbase por unanimidade a acta da sesión do día 16 de febreiro de 2024.

2. DAR CONTA DA PUBLICACIÓN DO CATÁLOGO DE GRUPOS “+MÚSICA” DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2024003386)

O presidente dá conta da publicación da relación de grupos inscritos no Catálogo de grupos “+Música” da provincia de Pontevedra no ano 2024, aprobada mediante resolución presidencial núm. RP2024001599 de 27/02/2024 e publicadas no BOPPO núm. 43, de 29 de febreiro de 2024. Este inventario de grupos e artistas profesionais de música poden optar a realizar actuacións nos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes que o soliciten segundo as bases do programa “+Música”, publicadas no BOPPO núm. 24, de 2 de febreiro de 2024.

3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2024 (Expte. 2024002459)

O presidente dá conta das bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024, que teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de axudas públicas destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais que se editen en galego normativo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.



Estas bases saíron publicadas no BOPPO núm. 40, de 26 de febreiro de 2024 e nelas recóllense as condicións das entidades beneficiarias, así como as modalidades subvencionables e o prazo de solicitude. Este programa de subvencións financiarase co importe de noventa mil (90.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente orzamento provincial.

4.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (Expte. 2024002464)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024, convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Estas bases saíron publicadas no BOPPO núm. 43, de 29 de febreiro de 2024 e convócanse con cargo á aplicación 24/332.3322.789.01 do Orzamento da Deputación para 2024, por un importe total de cen mil (100.000,00) euros.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

